

Resolución pola que se adxudica unha bolsa de formación na área de documentación e biblioteconomía.

A Escola Galega de Administración Pública convocou por Resolución do 21 de maio de 2012 (DOG núm. 103, do 31/05/2012) unha bolsa de formación na área de documentación e biblioteconomía.

A comisión de valoración para a adxudicación desta bolsa na súa reunión do 31 de xullo de 2012 baremou definitivamente todas as solicitudes e propuxo a adxudicación en favor do candidato que obtivo maior puntuación.

De conformidade coas competencias que me recoñece a normativa vixente e, á vista da proposta da comisión de valoración,


RESOLVO:

1º. Outorgarlle a dita bolsa á candidata MARÍA IBÁÑEZ PENA que acadou a maior puntuación (32,90 puntos).

2º. Que se notifique esta resolución á candidata para que no prado de dez días, contados a partir da recepción da notificación comunique á Escola Galega de Administración Pública a súa aceptación ou a súa renuncia da bolsa. Transcorrido este prazo sen que se producese manifestación expresa por parte do beneficiario, entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No prazo de cinco días contados desde a aceptación expresa da bolsa ou do transcurso do prazo para entendela tacitamente aceptada, o candidato seleccionado deberá incorporarse para o desempeño da bolsa na EGAP. No caso de que o beneficiario non se incorporase neste prazo, ou que renunciase expresamente, perderá os dereitos inherentes á bolsa. (base décima).

Contra esta resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a directora da EGAP, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de conformidade co establecido no artigo 46.4º da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (base novena).

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2012
A directora da Escola Galega de Administración Pública


Sonia Rodríguez Campos González
